

**ACTA**

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| PLN/2018/6              | O Pleno                  |

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

|                          |                                                                                           |
|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b> | Extraordinaria<br>Motivo: «Aprobación inicial do inventario municipal de bens e dereitos» |
| <b>Data</b>              | 1 de outubro de 2018                                                                      |
| <b>Duración</b>          | Desde as 20:06 ata as 21:31 horas                                                         |
| <b>Lugar</b>             | Salón de Plenos                                                                           |
| <b>Presidida por</b>     | Marcos Besada Pérez                                                                       |
| <b>Secretario</b>        | Berta Alonso Soto                                                                         |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| <b>DNI</b> | <b>Nome e Apelidos</b>                 | <b>Asiste</b> |
|------------|----------------------------------------|---------------|
| 35566754Z  | Carla M <sup>a</sup> Pérez Pérez       | SÍ            |
| 36061420L  | Joaquín Núñez Troncoso                 | SÍ            |
| 76897695R  | José Luís González Rodríguez           | SÍ            |
| 35567092F  | Marcos Besada Pérez                    | SÍ            |
| 35548188D  | Miguel González González               | SÍ            |
| 76908793J  | Mirian González Rodríguez              | SÍ            |
| 76909361Y  | M <sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén | SÍ            |
| 76902797C  | M <sup>a</sup> Teresa Pérez González   | SÍ            |
| 34873897D  | Primitivo González Rodríguez           | SÍ            |

|                                                                                          |                            |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|-----|
| 77006782E                                                                                | Santiago Rodríguez Davila  | SÍ  |
| 44082684X                                                                                | Sergio Curra Moreira       | NON |
| 35568513W                                                                                | Verónica Tourón Domínguez  | SÍ  |
| 35564737K                                                                                | Ángela Ledo Souto          | SÍ  |
| 76897189R                                                                                | Ángela Valcárcel Bernárdez | SÍ  |
| <b>Escusas de asistencia presentadas:</b>                                                |                            |     |
| 1. Sergio Curra Moreira:<br>«Non figuraban na orde do día asuntos de carácter económico» |                            |     |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 2815/2018. Formalización do inventario municipal de bens e dereitos. Aprobación inicial

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 6, En contra: 0,  
Abstencións: 6, Ausentes: 1

**Sr. Alcalde:** Da lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Incoado procedemento para a formación do Inventario valorado dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio da Entidade Local.*

*Visto o proxecto de Inventario de Bens Municipais confeccionado pola empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS SL, a petición do Concello e presentado en data 20.09.2018. (núm. de rexistro 2018-E-RC-5075).*

*Visto que segundo o establecido no artigo 86 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, así como o previsto nos apartados 1 e 4 do artigo 32 da lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, as Entidades Locais están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que lles pertencen.*

*Visto que segundo o establecido no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades*

*Locais aprobado por Real Decreto 1732/1986, o Pleno do Concello será o órgano competente para a súa aprobación.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría núm. 2018-0011 que recolle a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, o Pleno adopta o seguinte*

**ACORDO**

*PRIMEIRO. Aprobar o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:*

| <i>Epígrafe</i>                      | <i>N<sup>o</sup> bens</i> | <i>Valor</i>  |
|--------------------------------------|---------------------------|---------------|
| 1. Bens Inmobbles                    | 1.208                     | 24.673.058,95 |
| a) Fincas Urbanas                    | 195                       | 8.725.045,27  |
| b) Fincas Rústicas                   | 105                       | 619.229,84    |
| c) Vías Públicas                     | 551                       | 11.950.287,64 |
| d) Rede Eléctrica                    | 356                       | 618.114,49    |
| e) Instalacións de Auga e Saneamento | 1                         | 2.760.381,71  |
| 2. Dereitos Reais                    | 3                         | 170.769,20    |
| 3. Mobles Especiais                  | 19                        | 8.300,00      |
| 4. Créditos e Dereitos               |                           | 0,00          |
| a) Valores Mobiliarios               |                           | 0,00          |
| b) Créditos                          |                           | 0,00          |
| c) Seguros                           |                           | 0,00          |
| 5. Vehículos                         | 18                        | 198.574,00    |
| 6. Semovientes                       |                           | 0,00          |
| 7. Mobiliario                        | 1.234                     | 414.098,70    |
| 8. Bens Revertibles                  |                           | 0,00          |

*Suma total* *25.464.800,85€*

*SEGUNDO. Expoñer ao público o expediente por un prazo de 20 días hábiles mediante anuncio no BOPPO.*

*TERCEIRO. Se non se presentan reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do inventario.*

*CUARTO. Remitir copia íntegra do expediente á Administración da Comunidade*

*Autónoma e á Subdelegación do Goberno a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 86 do TRRL e o artigo 32 do RBEL.*

*QUINTO. Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza que non estean inscritos de acordo co previsto no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, para o que se remitirá ao Rexistro unha certificación da Secretaria en relación co inventario aprobado.”*

**Sr Alcalde:** Esta é a proposta de aprobación deste inventario municipal de bens. Un inventario municipal de bens que é froito dun traballo intenso, extenso, onde se falou con centos de persoas, coas comunidade de montes, con asociacións que estaban directamente involucradas, froito do diálogo e sempre buscando solucións a aquelas dificultades ou dúbidas que había en canto a cada unha das parcelas. Hai que dicir que o inventario de vías públicas e rede de saneamento xa o aprobamos no seu momento, agora o que facemos, nalgún caso, son pequenas modificacións en base ao criterio das fincas urbanas e rústicas, que no seu momento se estableceron como camiños e despois foron modificándose en base a eses criterios. Teño que agradecer a empresa Laya e a súa xente por haber feito ese traballo intenso durante todos estes meses, temos que lembrar que o último inventario de bens municipal, como tal, é do ano 1968 e foron facéndose modificacións. É un documento indispensable e imprescindible para saber o inventario municipal de bens que temos, cales son as nosas propiedades e iso ten múltiples aplicacións empezando polos informes e polos traballos que se fagan os técnicos municipais, secretaria, intervención, urbanismo etc. Para o conxunto de veciños/as de Salceda, este inventario vai estar colgado na páxina web do Concello e vai ser accesible a todos/as os veciños/ñas e tamén a todos/as os propietarios de terreos colindantes e tamén á hora de solicitar subvencións.

Tal como establece a norma presentouse un emenda ao punto segundo que presenta o Grupo Municipal Socialista (Núm. De Rexistro 2018-E-RE-317 de 24.09.2018), na que na exposición de motivos di: en vez dos 20 días hábiles de exposición pública, se amplien a DOUS MESES despois do anuncio no BOP.

**Sra. Tourón Domínguez:** Lévese neste punto a aprobación inicial do inventario municipal e como todos sabemos é un tema de interese xeral que afecta a moitos veciños/as e de forma particular, entre eles atópase a miña familia directa, polo tanto, eu por ética e porque considero que os Concelleiro/as deben ter presente en todo momento a separación da vida privada da vida pública, non quero participar nin do debate nin da votación, para que a miña intervención nin o meu voto poida beneficiar en ningún caso a miña familia, polo tanto vou saír do Pleno e non participar, queda Ángela como voceira neste punto, incorporareime no seguinte punto.

Abandona o Salón de sesión a Concelleira Verónica Tourón Domínguez.

**Sr. Rodríguez Davila:** Con respecto da emenda gustaríame saber si estamos a falar dunha exposición pública de 60 días naturais ou si segundo a proposta pasaría a 40

días hábiles, o dobre.

**Sr. Alcalde:** Dous meses.

**Sr. Rodríguez Davila:** Polo tanto serían dous meses, dende a publicación deste acordo no BOPPO. Na Comisión informativa presentouse esta emenda para que se ampliase o prazo e o Grupo PP está de acordo, creo que é importante dar un tempo importante para que os veciños/as poidan consultar e presentar as alegacións que consideren. Nesa Comisión informativa, fomos a mesma sen a correspondente documentación do asunto que se trataba e se nos presenta na mesma Comisión a documentación; é certo que tivemos dúas reunións coa empresa que elaborou o inventario, inicialmente cando empezou a empresa a traballar fai casi un ano e fai uns días antes da Comisión informativa donde se nos presentaron os traballos realizados. Esas reunións de duración dunha hora mais ou menos, estamos a falar de 400 bens, 400 fichas que hai que revisar, dentro de cada ficha hai un plano e que coas nosas vidas, traballos etc, esas horas non dan para moito.

Este grupo xa lle pediu ao Alcalde que non trouxera este tema a este pleno, que o deixase para debatir no pleno ordinario de outubro, para que tivésemos os Concelleiros un mes para traballar neste tema, para entre todos detectar o máximo de erros e entre todos tratar de corrixilos. Como non se ten a ben aprazar a aprobación, este Grupo nos vemos abocados a non apoiar inicialmente a aprobación do inventario, imos a abstermos. Presentaremos alegacións, pois xa detectamos resalidos que non están incluídos neste expediente, imos manter reunións con colectivos e asociacións que así o soliciten e así o desexen e tamén facer reunións con veciños a nivel individual, que consideren que non queren ou non teñen a ben facelo en público, iremos polas parroquias a presentar este documento e aclarar a dúbidas que os veciños teñan sobre isto. Hai erros en canto a nomes, propiedades, como por exemplo charmarlle “consellería” as concellerías na casa do Concello. Creo que xa que levamos 50 anos co inventario ata día de hoxe, non pasaba nada por esperar un mes máis, para poder traballalo e que entre todos poderamos corrixirlo antes de traelo a Pleno. En aras de seguir o procedemento e non paralizalo, imos a abstermos.

**Sra. Ledo Souto:** Este Grupo considera que a aprobación inicial do inventario municipal é de interés xeral para os veciños a para o propio concello, pois para o traballo diario do Concello é necesario. Temos que dicir o mesmo que o compañeiro do PP, estes traballos non se nos entregaron ata o xoves polo que non puidemos velo, non tivemos tempo para poder velo, esperamos que os grupos apoiem a emenda que propuxemos de dous meses, porque é un traballo o suficientemente importante e suficientemente amplo como para analízalo en vinte días e para que os veciños poidan ter a máxima información para presentar alegacións ou estar conformes co que lle presentan.

**Sr. Alcalde:** Para aclarar o tema, dende o 16 de marzo do ano pasado temos a plataforma “Gestiona” que articula todas as administracións do Estado que é bastante

complexo e ten xenerado moitísimas dificultades, sobre todo na adaptación, tanto para os traballadores públicos coma para nos, é evidente que é un avance fundamental para mellorar a administración pública pero iso provoca disfuncións, adaptacións, dificultades; en base a iso, dou a palabra a Secretaria Municipal, pois se está poñendo en cuestión que a documentación non foi presentada na Comisión Informativa, cousa que non é certo, si é certo que o documento non estaba colgado no gestiona, pero en formato papel estivo sempre e se puido acceder a él dende o primeiro momento, cumpríndose co que dí a lei, coa salvedade de que o documento non estaba colgado no xestiona debido ao seu volume e así se indicaba na notificación da convocatoria da Comisión Informativa.

**Sra. Secretaria:** A normativa que regula a convocatoria de Órganos Colexiados esixe que a documentación estea a disposición dos concelleiros dende o momento da convocatoria e efectivamente estaba a súa disposición en formato papel, non estaba na sede electrónica, pois xa a propia empresa non foi capaz de cargalo a través da sede electrónica debido ao volume da documentación e tampouco foi posible polo mesmo motivo cargalo no expediente de Gestiona e así se indicou na notificación da convocatoria. Para convocar os Órganos Colexiados a lei unicamente esixe que a documentación estea a disposición dos concelleiros, e así se fixo ao poñer o documento a súa disposición no departamento de Urbanismo, non esixe a entrega de fotocopia.

**Sr. Rodríguez Dávila:** Cando un ten vontade política de querer consensuar, chegar acordos..., dicir que xa dende hai un tempo toda a documentación que se facilita aos concelleiros está en formato dixital, o que deberían facer é avisar de que esa documentación non está na carpeta electrónica e si está en formato papel nas dependencias municipais, nós entendemos que non estaba porque a empresa presentou ese documento, segundo manifestou, días posteriores á reunión que mantivo con nós e nos sorprendeu que non estivera na sede electrónica. Acaba de manifestar que a *"intención do goberno é a máxima transparencia e que os veciños teñan o máximo tempo posible"*, pois que pena que non saia do goberno a iniciativa de ampliar o prazo de exposición ao público. Claro que a Lei dí o que dí pero aquí non estamos a falar so da lei, que tamén, senón da vontade real da transparencia que necesita e precisa un asunto do calibre como é aprobar un inventario de bens municipais. E como a Lei permite ampliar o prazo, imos apoiar a proposta, non é o mesmo ter 30 que 60 días, nin para nós nin para os veciños. Non era necesario convocar un pleno extraordinario, ven se puido esperar ao pleno ordinario de fin de mes, con dous meses de exposición ao público.

**Sr. Alcalde:** Eu cíñome ao dito pola Secretaria municipal, todo o que dixeches non ten nada que ver co que plantexei eu e o que dixo a Secretaria municipal, tivestes a documentación en tempo e forma segundo marca a lei. Se a intención é revisar todos e cada un dos bens, non chegan dous meses nin dous anos, supoño que se revisarán aquelas parcelas que se teñan dúbidas. Reitero, tal como dixo a Secretaria, a documentación estivo en tempo e forma como marca a lei.

**Sra. Ledo Soto:** A documentación si se tivo a tempo pero non se informou de que estaba en formato papel e nun houbo tempo material, era inviable pois como di o Sr. Alcalde si revisala toda en dous meses é imposible, para a Comisión Informativa tamén nos era imposible revisala. Esperamos que se aprobe a proposta de dos dous meses, e por responsabilidade e polo importante que é nós imos a abstermos e esperamos que para a próxima se nos informe de onde está a documentación.

**Sr. Alcalde,** sometemos a votación a enmenda:

**VOTACIÓN:** Sometida a votación, polo Señor Alcalde a enmenda de ampliar o prazo de exposición pública a DOUS MESES, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba dita enmenda.

**Sr. Alcalde,** sometemos a votación a enmenda:

**VOTACIÓN:** Sometida a votación, polo Señor Alcalde a enmenda de ampliar o prazo de exposición pública a DOUS MESES, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba dita enmenda.

**VOTACIÓN:** Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, estando ausente da votación a Sra. Tourón Domínguez, con seis votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; e seis abstencións da Sra. Ledo Souto Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular e dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

| Epígrafe           | N <sup>o</sup> bens | Valor         |
|--------------------|---------------------|---------------|
| 1. Bens Inmóveis   | 1.208               | 24.673.058,95 |
| a) Fincas Urbanas  | 195                 | 8.725.045,27  |
| b) Fincas Rústicas | 105                 | 619.229,84    |
|                    | 551                 | 11.950.287,64 |

|                        |       |                |
|------------------------|-------|----------------|
|                        | 356   | 618.114,49     |
| c) Vías Públicas       | 1     | 2.760.381,71   |
| 2. Rede Eléctrica      | 3     | 170.769,20     |
| 3. Mobles Especiais    | 19    | 8.300,00       |
| 4. Créditos e Dereitos |       | 0,00           |
| a) Valores Mobiliarios |       | 0,00           |
| b) Créditos            |       | 0,00           |
| c) Seguros             |       | 0,00           |
| 5. Vehículos           | 18    | 198.574,00     |
| 6. Semovientes         |       | 0,00           |
| 7. Mobiliario          | 1.234 | 414.098,70     |
| 8. Bens Revertibles    |       | 0,00           |
| Suma total             |       | 25.464.800,85€ |

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o expediente por un prazo de DOUS MESES mediante anuncio no BOPPO.

**TERCEIRO.** Se non se presentan reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do inventario.

**CUARTO.** Remitir copia íntegra do expediente á Administración da Comunidade Autónoma e á Subdelegación do Goberno a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 86 do TRRL e o artigo 32 do RBEL.

**QUINTO.** Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza que non estean inscritos de acordo co previsto no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, para o que se remitirá ao Rexistro unha certificación da Secretaria en relación co inventario aprobado.

Volve ao salón de Plenos a Sra. Tourón Domínguez.

**Comparecencia do Alcalde por acordo plenario de 31.08.2018 (Artigo 105 ROF)**



Tal como xa anunciara no pleno ordinario de 31 de agosto, tan pronto houbera un pleno, neste caso extraordinaria, que tamén anuncie para a aprobación do inventario de ben, aceptei esta comparencia que vou a ler a continuación:

*“Tal e como adiantei no Pleno anterior, no que como non podía ser doutro xeito, aceptei esta comparencia, teño que dicir que é sorprendente que os/as traballadores/as, e os/as seus representantes, deleguen nun Partido Político, o Partido Popular, e na figura do seu portavoz, a defensa dos seus intereses.*

*Como xa comentei, se o obxectivo é o de acadar, negociar e acordar lexítimas reivindicacións laborais, só se pode facer nas Mesas de Negociación, tal e como marca a Lei e o sentido común, nin o pleno é o lugar, nin o debate político-partidista é o camiño.*

*Se o obxectivo é outro, creemos que os/as traballadores/as públicos débense aos/ás veciños e veciñas de Salceda, e deben manter a súa independencia e non ser partícipes de estratexias de partido que só buscan a confrontación e a desestabilización en aras de conseguir uns obxectivos políticos en plena precampaña electoral, que non respondes dende logo aos intereses da maioría dos traballadores/as deste Concello.*

*En todos estes anos de negociación, debo dicir que nos últimos como Alcalde non participei nas Mesas establecidas: Considerei que podía ser positivo que caras novas e con frescura de ideas podían aportar solucións e desbloquear a situación. Un principio básico dos escenarios de negociación que non fructifican. E mais, son dos que creo que pola parte sindical seguramente sería moi positivo que ocorrera o mesmo.*

*Que as mesmas persoas dirixan os procesos desde sempre, probablemente os/as faga corresponsables de que á vista dos traballadores/as os resultados teñan sido tan magros.*

*A delegación no PP da súa responsabilidade como representantes, é na nosa opinión un erro.*

*Para contextualizar a contestación ás preguntas que formulaba o Partido Popular, e a miña posición como Alcalde, e a miña responsabilidade persoal en acordos que poidan resultar ilegais como ten ocorrido neste Concello, paso a recordar a cédula de notificación da sección de enxuízamento do Departamento 2º do Tribunal de Cuentas, dou lectura o mesmo (lee a cédula de notificación e o escrito do Tribunal de Cuentas con Ref. OCEX Nº 191/13).*

*Hai que lembrar que en primeira instancia a Fiscalía do Tribunal de Cuentas abriu expediente por posible responsabilidade contable e no artigo 47 da LFTCu que se cita no escrito fai unha liquidación provisional de alcance e require aos presuntos responsables, neste caso a min, para que depositemos ou afiancemos un importe*

*provisional de alcance mais o calculo dos intereses, na conta establecida ou a través de avais bancarios e nese artigo 47 seguindo o establecido na Lei 7/1988 de 5 de abril de Funcionamento do Tribunal de Contas.*

*Quero contextualizar o seguinte en base a esa realidade e que no contexto de hoxe cos precedentes que acabo de citar, como Alcalde non poden adoptar medidas manifestamente ilegais en beneficio de terceiros é público e coñecido que os Alcaldes en España, os que temos sinatura, temos responsabilidade civil, penal, patrimonial e contable, tanto os Alcaldes como calquera cargo público.*

*Polo tanto eses os precedentes e como todos/as sabedes tivo como consecuencia a revisión de oficio das ordes de pagamento e que están a devolver eses dous funcionarios que se citan nese informe do Tribunal de Contas.*

*Dito iso esa é a base de calquera negociación paso xa as preguntas.*

**1. Ten pensado vostede, Alcaldede por enriba da mesa a vontade precisa para chegar a un acordo de Convenio Colectivo para os/as traballadores/as do Concello?**

*A posibilidade de sentarse a negociar existiu, existe e existirá. Unha cousa debe estar medianamente clara: Aquí ata agora choveron demandas, e un principio incuestionable e básico para negociar é que non se pode facer: negociar o que me estás reclamando por vía xudicial.*

*Xurde outra posibilidade: a mediación. Por certo, xa fomos á mediación o 20/04/2010 e cando o Inspector Xefe, o Sr. Casas de Ron, solicitou a arbitrase, os representantes dos/as traballadores/as rexeitaron o ofrecemento: o Concello si aceptou.*

*Un “pecado orixinal” que de non terse cometido houbera resolto en boa parte os principais anxeos dos/as traballadores/as: os criterios de consolidacion e tamen a xornada laboral, entre outros.*

**2. O Goberno vai por a disposición dos traballadores uns vestiarios que cumplan a normativa vixente?**

*A base da concellería de vías e obras é no torrón. Actualmente existe a posibilidade de articular as duchas existentes no CDL O Torrón. Existe, en todo caso, se os espazos de vestiarios o permiten, e en función das posibilidades materiais e económicas, de estudar a construción de duchas e outras melloras.*

**3. Vai a cumprir a obriga de entregar roupa e calzado de traballo anual aos/ás traballadores/as?**

*Ata agora a entrega do roupa e calzado realízase “a demanda”. Para os/as*

traballadores/as novos faiselle entrega o 1º día de traballo dos EPI's correspondentes, e asinan sempre a correspondente acreditación de entrega dos mesmos. Está previsto de cara o primeiro de ano 2019, establecer un protocolo claro e data certa de entrega coa entrega inicial do que corresponda para o ano, e que ao longo do ano, en caso de necesidade puntual, e de maneira xustificada, ao/á traballador/a que o necesite se lle faría entrega do necesario, por certo, o 9 de xuño deste ano, trasladouse unha circular de necesidades, con notificación: ata a data só 4 traballadores/as contestaron. Por outra banda, temos Plan de Prevención de riscos laborais, a través da empresa NorPrevención e impártense as formación correspondente.

#### **4. Vai seguir con esa actitude de imposición e falta de respecto hacia o persoal, incluso menospreciando os seus dereitos laborais?**

Se temos en conta que hai unha Mesa de Negociación aberta dende en 2016., se temos en conta que a primeira reclamación é en xaneiro de 2017, se temos en conta que as resolucións xudiciais son as que son...., se temos en conta que a condición de indefinido no fixo non foi concedida en ningún caso ata o de agora vinculada ao dereito a cobrar trienios....que dereitos laborais estamos conculcando? Unha cuestión é clara, e ben coñecen os/as traballadores/as: A partir do Decreto-Lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, prodúcese unha minoración dos salarios e dos dereitos laborais dos/as traballadores públicos no estado español. Algúns/as recuperáronse ata hoxe, outros non. Quen foron os culpables: foi unha imposición que viu dada polas decisións do partido popular presidido polo Sr. Rajoy e antes polo último goberno do PSOE, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero, así de claro. A negociación colectiva fixérona "saltar polos aires" os/as representantes sindicais, non o Concello de Salceda, que nunca se levantou da mesa. Imos Circunscribírnos ao tema "trienios": Cando o primeiro traballador se lanza a intentalo e tamén os sindicatos, todas as sentenzas xudiciais avalan a posición do Concello de Salceda. Pódense conceder en Convenio Colectivo? Nos cremos que incumple a Lei de Orzamentos do Estado, que como saben é unha lei estatal de obrigatorio cumprimento: No crecemento da masa salarial está fixado porcentualmete, a Intervención municipal informará favorablemente?. Nos cremos que a vía sería, e así se intentou, a través da Relación de Postos de Traballo (RPT) cunha valoración posto por posto.

EN RESUMO: En canto ao recoñecemento de trienios existe Informe de Secretaría 2018-0006 sobre o recoñecemento do complemento de Antigüidade (trienios) do persoal laboral, que é claro. Podemos comprobar como todas as sentenzas que ata agora temos notificadas, a primeira delas foi de 20/10/2015 dictada polo Xulgado Do Social N°5 de Vigo e confirmada pola Sentenza de 09/06/2016 do TSX de Galicia, veñen a negar esa posibilidade.

En canto ao Convenio Colectivo, a Mesa de Negociación estaba constituída cando formalizan as primeiras reclamacións en materia de cantidades varios/as

*traballadores/as, incido no que contestei na primeira cuestión é imposible facer unha negociación sobre temas que están a tutela xudicial.*

*En canto á xornada laboral, a xornada dos/as traballadores/as do Concello, teñen que facer unha xornada de 37 horas e media semanal en cómputo anual, ito é lei. En canto aos días de Asuntos propios, os informes de Secretaría e as Sentenzas xudiciais son claras.*

**5. Que ten que decir do cartel “desafiante e inaceptable” que colocaron na porta do posto dun traballador?**

*Estás a facer unha acusación a través das redes sociais da que deberías retractarte. Non tivemos coñecemento en ningún intre da existencia de “dito cartel”. No intre no que se tivo coñecemento, retirouse de inmediato. Sr. Portavoz do Partido Popular: non faga vostede imputacions que non son certas, e sobre todo que non pode probar, estamos nun Estado de dereito. É mais, se quere saber quén puido ser o autor ou autora de dito feito, debe preguntarse a quén aproveita tal curiosa iniciativa, porque como decía Séneca “cui prodest scelus, is fecit” (Aquel ao que beneficia o crime, ese foi o que o cometeu...) Dito isto, e co máximo respecto, non podo menos que lembrarlle que debe extremarse a prudencia cando se imputa a comisión de feitos ou delitos por terceiros.”*

Ata aquí remata a mi comparecencia.

**Sr. Rodríguez Davila:** Visto que hai representantes que solicitan voz, si o Alcalde o ten a ben deixarlle falar os representantes sindicais ou traballadores.

**Sr. Alcalde:** Estamos en un pleno e as intervencións as fab os Concelleiros, os representantes sindicais xa falan na mesa de negociación.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quero manifestar o noso absoluto desacordo, poñerlle etiquetas a alguén e fácil, o que molesta é que o representante dos veciños, e polo tanto tamén dos traballadores, a maioría tamén son veciños de Salceda e polo tanto tamén somos representantes deles, nos temos a obriga de fiscalizar ao goberno, de controlar a acción do goberno, e someter ao goberno as cuestións que este grupo considera oportuno igual que outros grupos, polo tanto tomamos a decisión de someter unha serie de preguntas para que vostede respondese ante a corporación e polo tanto ante os representantes dos veciños.

Cando un leva 11 anos e medio de Alcalde, despois de anos e anos de reivindicacións por parte dos traballadores, despois de centos de reunións e despois do mangoneo sistemático que por partados políticos do goberno veñen sometendo aos traballadores, pois loxicamente eso xa non cola. Non é necesario que ningún grupo fale en nome de ninguén porque todos somos maiorciños e sobre todo hai actas, hai probas máis que suficientes de diferentes e múltiples reunión onde vostedes non aceptaron nin unha soa das cuestións que plantexan os traballadores e

sobre todo o máis importante e o que máis reivindicán é o convenio colectivo que precisan. Despois de 11 anos a situación dos traballadores é peor que nunca, nin os trienios vostedes lles recoñecen cando é por lei, o único Concello de toda a provincia que non lle recoñece que non lle paga ese dereito que teñen os traballadores. E nos sorprende hoxe e nos lee unha parte do informe de fiscalía do Consello de Contas pero que casualidade que vostedes o inician nunha parte do que lle reclamaban naquel momento, lle recordo que había concelleiros do seu goberno que estaban cobrando asignacións non recoñecidas e que ese informe lle dicía que *“ademais os membros corporativos sen dedicación exclusiva ou parcial que teñan outorgada unha delegación percibirán en concepto de indemnizacións por dedicación, asistencia o desempeño da súas funcións e responsabilidades a cantidade de 50 € por asistencias establecéndose un límite de 10 ao mes”* é dicir de 500 € ao mes, comprobouse que tres concelleiros percibiron por este tipo de asistencias do ano 2009 a cantidade de 6.000 € cada un e que outro edil percibiu 5900€ pagándose en total uns 23050 €. Recórdolle que por aquel entón gobernaba co PSOE, e o PP trouxo a este Pleno unha moción para que se iniciase un expediente de devolución desas cantidades por parte deses concelleiros, rexeitándose esa iniciativa, pero inician de “mutuo propio” so unha parte do que lle reclamaban o Consello de Contas o o demais do deixaron de lado.

Amparándonos na lexislación vixente, nos artigos 91.4, 97, 105 do Real Decreto 2568/1986, solicitamos a comparecencia do Alcalde ante o Pleno para que contestase unha serie de cuestións.

En canto a pregunta 1 di vostede que sempre estiveron dispostos a dialogar e consensuar, en 11 anos e medio o resultado é que é a primeira vez na historia deste Concello que os traballadores se teñen que manifestarse no Pleno para reivindicar uns dereitos que un goberno lle nega, cando a lei os ampara.

En canto ao punto 2 se o goberno vai a poñer a disposición dos traballadores de vías e obras, especialmente, uns vestiarios que cumpran a normativa? Dende hoxe xa saben que teñen que ir ao Torrón pois parece ser que alí teñen unhas boas instalacións, con duchas e todo o demais, pena que non lle trasladaran iso aos traballadores. Non pensemos que sexan os mesmos baños que teñen que compartir coa xente que vai a facer cursos de formación.

No punto 3 lle preguntabamos se vai a cumprir a obriga de entregar roupa e calzado anual aos traballadores, a nós nos consta que hai traballadores que hai tres anos sen entregarlles a roupa, agora di vostede que a partir do 1 do ano que ven vai haber un procedemento para establecer a entrega de roupa, esperemos que así sea.

No punto 4, referente a súa aptitude de querer impor e non acordar e negociar, é unha falta de respecto hacia o persoal incluso menospreciando o seu traballo, vostede di unha cousa e actúa da maneira contraria, probas hai mais que suficientes.

E por último, cando vostede di que eu o acuso, eu lle pregunto agora si vostede se sinte nomeado ou indicando por este portavoz e que xa me está dicindo que algo sabía do tema, respecto do cartel colocado a un traballador, digo lle colocaron non digo quen llo colocou, si vostedes non tivesen nada que ver ese cartel, o que deberían facer e sair en defensa dese traballador facendo un comunicado oficial de repulsa hacia ese escrito, vostede, nin nas súas redes sociais nin por ningún medio, se manifestou en contra dese ese escrito, polo tanto vostede omitiu ese escrito, entendemos que algo sabería.

Vostede nestes últimos tempos esta sendo dañino para este Concello, a imaxe deste Concello está polo chan, o mais importante é o respecto hacia as persoas e os traballadores, ningunea os seus dereitos, acasando a algúns traballadores cando entra polos despachos obrigandos a incumplir unha lei para ir a certos tribunais, vostede xa non amedrenta a ninguén, alegrome moito de que estean dando a cara e reclamando os seus dereitos.

Seguiremos apoiando as reivindicacións dos traballadores. As súas demandas son negociables, nós non lle estamos pedindo que acepte o 100% do que están a pedir os representantes sindicais, estamos pedindo que cheguen a acordos, que respeten o que por lei lles perteneza e que negocien o convenio ambas partes.

**Sra. Tourón Domínguez**, xa podemos estar contentos algo xa se conseguiu, haberá un protocolo para a entrega de roupa. Xa facía tempo que non saía a herencia de Zapatero nun pleno, xa me extrañaba a min. O Alcalde di sempre que o tema de persoal como outros temas é herdanza do PP, non vou defender a uns nin a outros, so dicir que o PP gobernou 30 anos e agora Movemento Salceda leva 11, este dí que é herdanza do PP eu creo que a herdanza lle vai quedar para o próximo goberno, creo que dentro de pouco falaremos da herdanza de Marcos Besada.

Por outra banda, aquí xa lle cortaron a cabeza a todos, acaba de dicir que non lle valen os representantes dos traballadores nin os dos sindicatos, ata se anima a dicir que os do sindicato deben cambiar, o que está claro é que se llo permitides (referíndose ao persoal que está no público) vai poñer él os representantes a dedo, que é o que el busca.

O Grupo Socialista, como xa dixen no anterior pleno, vai seguir apoiando os dereitos dos traballadores, vai seguir apoiando os dereitos de todo o mundo sexan os traballadores do Concello, os traballadores de Maderas Iglesias, os de TVG ou os de calquera outro.

Respectando o traballo dos compañeiros do PP, quero dicir que confío pouco ou nada nas comparecencias, pois podemos estar aquí debatindo todo o que queiramos, pero as comparecencias só sirven realmente para que o Alcalde, tal como acaba de facer, nos dé un mitin político ir para casa e o día seguinte, todo

segue igual. Cando un tema como este está enquistado e se non hai vontade negociadora pouco se vi facer cunha comparecencia.

Unha das preguntas que se debería facer ao Sr. Alcalde é ¿vai seguir mantendo esta postura de falta total de negociación e obrigando a seguir xudializando todos os temas? Pois si algo non se falou aquí é que se está xudializando eses temas por falta de negociación do sr. Alcalde, isto leva a que todos nós dos nosos bolsillo paguemos as indemnizacións, os avogados e demais. Eu como representante dos veciños/as e como grupo municipal o que lle pido é que se sente a negociar e falar.

Quero preguntarlle tamén, si elaborou unha alternativa sería ás presentadas polos traballadores.

En canto o tema do cartel non vou entrar, é de tal baixura moral que eu non vou entrar porque creo que a política ten que ser outra cousa.

Me parece moi triste e de total mal gusto culpabilizar a dous traballadores da falta de acordo do Sr. Alcalde, como Alcalde, presidente deste Pleno é triste que para defenderse teña que culpabilizar a dous traballadores, iso é non ter capacidade e ter pouca elegancia.

En resumo: Ten unha alternativa ao convenio colectivo. Pensa facer algo antes da vista que está programada para o 14 de maio de 2019 sobre os días 24 e 31 de decembro de 2017? O digo por iso de evitar mais custos aos bolsillos de todos. Falouse da RPT e nós acudimos a unha reunión antes de presentarlle aos traballadores, o Grupo Socialista nunca mais supoño desa RPT, gustaríame que o Alcalde nos comentase porqué non chegou a Pleno.

**Sr. Alcalde:** Estamos na comparecencia, algo máis que engadir.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quedou medianamente clara a nosa exposición de porqué solicitamos a comparecencia, a comparecencia é un procedemento para que o Sr. Alcalde se posicione politicamente nun pleno municipal público, aberto aos veciños e que nunha acta pública quede recollido as cuestións que lle plantexamos e as respostas do goberno.

E por ultimo, é que ata a prensa é secuestrada neste Concello, nunca pasara neste Concello que de repente desaparezan os xornais porque non interesan as noticias que saen nos mesmo. Lamentable.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión do que eu, como secretaria, dou fe.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**